

1. TITULACIÓN / FORMACION ACADÉMICA

Puntuación máxima no caso de correspondencia coa área de coñecemento obxecto de concurso: 10 puntos. A puntuación da/s alínea/s correspondente/s dividirase por dous no caso de titulacións afíns (apartados a, b, c) ou áreas afíns (apartados d, e). Non se puntuará no caso de áreas non afíns.

- a) Expediente académico (nota media do expediente. A suma dos puntos acadados dividirase polo número total de convocatorias consumidas)

Matrícula de honra	4
Sobresaliente	3
Notable	2
Aprobado	1

- b) Grao de Licenciatura ou Tese de Licenciatura

Sobresaliente	1
Notable	0,66
Aprobado	0,33

- c) Premio Extraordinario de Licenciatura: 0,5
d) Tese de Doutoramento

Sobresaliente "cum laude" (ou Apto "cum laude")	4
Sobresaliente	3
Notable	2
Aprobado	1

- e) Premio Extraordinario de Doutoramento: 0,5.

2. EXPERIENCIA INVESTIGADORA

Valorarase a calidade dos traballos publicados, proxectos, comunicacións en congresos, etc. correspondentes á área de coñecemento obxecto do concurso, ata un máximo de 10 puntos.

A puntuación dos méritos correspondentes dividirase por dous no caso de áreas afíns. Non se puntuará no caso de áreas non afíns.

- a) Publicacións: libros, capítulos de libros, artigos científicos, patentes, exposicións individuais e colectivas, etc.
- b) Relatorios e comunicacións en congresos, simposios, xornadas, elaboración de catálogos, etc.
-Ata un máximo de 1,5 puntos.
- c) Participación xustificada en proxectos de investigación subvencionados en convocatorias oficiais, outros proxectos I+D en empresas ou institucións.
-Ata un máximo de 1 punto.
- d) Estadías debidamente acreditadas noutros centros de investigación
-Ata un máximo de 1 punto.
- e) Bolsas de investigación, con acreditación oficial (FPI, predoutorais e homologados).
-0,125 puntos por cada ano de goce da bolsa, ata un máximo de 0,5 puntos.
- f) Outros méritos de investigación (membros do consello de redacción de revistas, bolsas de investigación de organismos privados, premios de investigación, etc.)
-Ata un máximo de 1 punto.

3. EXPERIENCIA DOCENTE

Puntuación máxima da suma das alíneas aquí incluídas no caso de correspondencia coa área de coñecemento obxecto de concurso: 10 puntos.

A puntuación da/s alínea/s correspondente/s dividirase por dous no caso de áreas afíns. Non se puntuará no caso de áreas non afíns.

a) Docencia universitaria:

- 2 puntos por cada ano de docencia en réxime de dedicación a tempo completo.
- 1 punto por cada ano en réxime de dedicación a tempo parcial.
- 0,75 puntos por cada 60 horas anuais de docencia para o persoal investigador en formación, con acreditación oficial.

b) Docencia non universitaria:

- 0,50 puntos por cada ano de docencia en réxime de dedicación a tempo completo. (No caso de que a Comisión Específica de Área acorde considerar esta actividade como experiencia profesional non se valorará nesta alínea).

c) Acreditación de formación pedagóxica regulamentada: ata 1 punto.

Nos casos de docencia inferiores a un ano procederase ao rateo da puntuación.

4. EXPERIENCIA PROFESIONAL

Valorarase unicamente a experiencia profesional que se axuste ao perfil definido na convocatoria da praza: ata un máximo de 10 puntos. Outra experiencia profesional relacionada coa área, a puntuación dividirase por dous, ata un máximo de 5 puntos. Non se puntuará a experiencia profesional non relacionada nin co perfil nin coa área.

a) Actividade profesional que require título universitario: ata 2 puntos por ano.

b) Actividade profesional que non require título universitario: ata 0,33 puntos por ano.

Nos casos de contratos a tempo parcial ou por períodos inferiores a un ano procederase ao rateo da puntuación.

5. PROXECTO DOCENTE

Valorarase o proxecto presentado, de acordo coa súa adecuación á materia da praza obxecto de concurso: ata un máximo de 10 puntos.

6. OUTROS MÉRITOS

Outros méritos non valorados nas alíneas anteriores. Ata un máximo de 10 puntos. Cada mérito alegado non poderá ser valorado con máis de 2 puntos. Nesta alínea valorarase necesariamente o coñecemento da lingua galega, agás que polo perfil da praza teña que ser valorado noutra alínea.

As puntuacións ponderaranse de acordo co seguinte cadro de porcentaxes:

	BAREMO A	BAREMO B	BAREMO C
1. TITULACIÓN	15	35	10
2. EXPERIENCIA INVESTIGADORA	45	40	20
3. EXPERIENCIA DOCENTE	20	10	15
4. EXPERIENCIA PROFESIONAL	5	5	40
5. PROXECTO DOCENTE	10	5	10
6. OUTROS MÉRITOS	5	5	5

- Ningún mérito poderá ser valorado en máis dunha alínea.
- Se nalgunha das alíneas ou subalíneas a suma da puntuación dunha persoa candidata supera o límite establecido, a persoa que consiga a puntuación máis alta terá a puntuación límite, e para as restantes calcularase de xeito proporcional.